**Unidade 5. Lucecús apagados**

**Nome: ___________________________ Curso: __ Data: _________**

O pai sempre lle dicía a Cocolicot:

—Os crocodilos non choran!

E a nai engadía:

—Os crocodilos son afoutos, teñen coraxe e resisten!

Cocolicot facía que choraba. Facíao cando tiña antollos de algo e non llelo daban. Cocolicot abría a boca e botaba a berrar:

—Nai, quero que me collas marmelos da árbore. A min non me gustan os confeitados. Buuuaaa!

Aquelas eran bágoas de mentira. Eran pouquiñas. Estaban secas. Estaban baleiras. Eran bágoas de crocodilo.

Un día, Cocolicot botou a faltar a Coquiu, o paxaro que sempre andaba preto, ben ao seu rabo, ben ao rabo de Coconut, a irmá del. Cocolicot púxose triste, e unha, tres ou acaso cinco bágoas a pouco lle saltan dos ollos. Cocolicot tívoas que conter.

—Chorar é cousa de paxaros amorriñados, de gacelas sosegadas e de xirafas lánguidas —dicía Coconut.

Pep MOLIST

**1. Escribe V (verdadeiro) ou F (falso).**

A nai sempre dicía: «Os crocodilos non choran!». F

Cocolicot facía que choraba. V

As bágoas de Cocolicot eran de verdade. F

Cando Cocolicot quería algo abría a boca e botaba a berrar. V

© GRUPO EDELVIVES / MATERIAL FOTOCOPIABLE AUTORIZADO

**Unidade 5. Lucecús apagados**

| **Nome:** __________________________ **Curso:** __ **Data:** ________ |
|---|

**2. Completa.**

As bágoas de crocodilo eran bágoas de mentira. Eran pouquiñas, estaban secas e estaban baleiras.

**3. Como son os crocodilos?**

Son afoutos, teñen coraxe e resisten.

**4. Quería Cocolicot a Coquiu? Por que?**

Si. Porque sen estaba preto del.

**5. Que opinaba Coconut sobre chorar?**

Que é cousa de paxaros amorriñados, de gacelas sosegadas e de xirafas lánguidas.

**6. Tes a mesma opinión que Cococut? Por que?**

Resposta libre.

© GRUPO EDELVIVES / MATERIAL FOTOCOPIABLE AUTORIZADO

**Nome: ___________________________ Curso: __ Data: ________**

**7. Rodea os substantivos de vermello e os adxectivos de azul.**

- Hai uvas maduras e mazás vermellas no froiteiro grande.
- A nena pequena ten un libro novo debaixo dos xoguetes.
- A mensaxe telefónica era da miña veciña maior.

**8. Completa o texto con adxectivos.** Resposta libre.

O meu curmán ___________ Brais ten un gato ____________, é moi ____________. Ten o pelo ____________ e ____________. O seu rabo non é moi ______________ porque de pequeno pillouno cunha porta. Ten uns enormes ollos _____________. Gústalle moito comer e está un pouco _____________.

**9. Escribe tres substantivos para acompañar estes adxectivos.**
Resposta libre.

- limpos: _________________________________________________
- amarela: ______________________________________________
- longo: __________________________________________________

**10. Busca o adxectivo que mellor lle acade ao substantivo e escribe unha oración.**

| comida | aburrido rápidas salgada amarela saborosos |
|---|---|

Resposta libre.

© GRUPO EDELVIVES / MATERIAL FOTOCOPIABLE AUTORIZADO

**Unidade 5. Lucecús apagados**

**Nome: ___________________________ Curso: __ Data: _________**

**11. Completa as oracións cos nomes dos debuxos.**

 

• O carro leva unha campá para a igrexa.

 

• Merquei unha lámpada e un bote de marmelo.

**12. Copia as oracións coa palabra correcta.**

• Henrique/Henrrique traballaba de bonbeiro/bombeiro.

• Henrique traballaba de bombeiro.

• Os bombóns/bonbóns están nesa caixa marón/marrón.

• Os bombóns están nesa caixa marrón.

• A carreira/careira de bicicletas enpezou/empezou ás doce.

• A carreira de bicicletas empezou ás doce.

**13. Ordena as sílabas e forma palabras.**

• rre co dor corredor

• pe ta trom trompeta

• dor za ca cazador

• re en dar enredar

© GRUPO EDELVIVES / MATERIAL FOTOCOPIABLE AUTORIZADO

**Unidade 5. Lucecús apagados**

Nome: ___________________________ Curso: ___ Data: _________

**14. Busca no barullo de letras cinco nomes de árbores e escríbeos.**

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | A | R | B | A | L | L | O |
| T | C | R | I | N | O | C | M |
| P | I | Ñ | E | I | R | O | A |
| V | Ñ | U | T | E | D | A | C |
| P | E | R | E | I | R | A | E |
| N | I | I | T | R | C | B | I |
| O | R | B | U | T | A | Z | R |
| X | A | U | M | A | I | N | A |

Carballo, piñeiro, maceira, aciñeira, pereira.

**15. Observa a ilustración e escribe catro oracións explicando o que ves nela.** Resposta aberta.



- ____________________________________________________________
- ____________________________________________________________
- ____________________________________________________________
- ____________________________________________________________

**16. Escribe o nome.**

- Rocha grande: rochaza.
- Montaña pequena: montaniña.

© GRUPO EDELVIVES / MATERIAL FOTOCOPIABLE AUTORIZADO